



Proxecto Documental Integrado "CONSTRUÍMOS CON COVIÑA"

Biblioteca Escolar Coviña
CEIP PLURILINGÜE de MEAÑO AS COVAS
Curso 2017-18



ÍNDICE

- 1.– Introducción.
- 2.– Obxecto ou temática de investigación.
- 3.– Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.
- 4.– Documentación elaborada para profesorado e alumnado.
- 5.– Tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.
- 6.– Recursos utilizados e enumeración detallada das fontes consultadas para a investigación.
- 7.– Implicación da comunidade educativa.
- 8.– Difusión entre a comunidade educativa.
- 9.– Avaliación realizada en función aos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo. Procedementos empregados.
- 10.– Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.



1.- Introducción.

Xustificación e planificación con respecto aos contidos curriculares.

Logo de varios cursos sendo a biblioteca eixe vertebrador de proxectos documentais integrados con temáticas como "As viaxes", "Aquí todos pintamos moito", "Tele-Coviña"... Durante o curso 2017-18 a biblioteca decide escoller o tema da construción entendido dende un punto de vista moi amplo: a construción dende o punto de vista artístico, arquitectónico, construción de pensamentos, de ideas, de investigacións, de instrumentos musicais, de textos, de emocións... e dende o punto de vista metodolóxico, entendendo que cada alumn@ é o construtor/a da súa propia aprendizaxe.

O lema do PDI "Construímos con Coviña" deixaba claro que a biblioteca era o lugar clave para a busca de información e investigación do proxecto. Coviña, a mascota da biblioteca, esta vez disfrazada de construtora, sería quen guiaría e motivaría a toda a comunidade educativa.

Con este PDI quixemos asentar a metodoloxía de escola onde cada neno é o protagonista da construción do seu pensamento, aprendizaxe, coñecemento....Estamos convencidos de que se aprende moito máis construíndo que memorizando, copiando ou repetindo. Aproveitamos este curso para construír tamén o noso novo Proxecto Educativo de Centro, onde esta filosofía de escola queda ben reflexada.

Dado o carácter interdisciplinar do tema, o PDI estivo presente na Aprendizaxe Baseada en Proxectos, incluíndo en todos os proxectos a pregunta "**Que queremos facer?**" paralelamente a de "Que queremos saber". Deste xeito construímos robots, casas de paxaros, hábitats de animais, paisaxes, planetas, intelixencias múltiples, inventos, perfumes, sidra, medios de transporte... formando parte estas "construcións" dos diferentes proxectos. Nestes proxectos traballáronse especialmente contidos de Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Matemáticas e Plástica. Tanto profesorado coma alumnado aprendemos que para poder facer antes debemos saber como facelo, pero resulta moito máis motivador.

A construción está íntimamente ligada á xeometría, medida... polo que nesta ocasión traballáronse moitos contidos curriculares de matemáticas de xeito vivencial. Na escola estáanse dando pasos nesta materia que camiñan cara a construción de números, de algoritmos, de cálculo mental... utilizando regretas, xeoplanos e outros materiais de carácter manipulativo.





Os proxectos de investigación que estaban directamente ligados ao PDI sobre construción foron os seguintes: "Pirámides de Exipto" (3 anos), "Camiño de Santiago" (4 anos), "Taj Mahal" (5 anos), "Torre de Pisa" (1º), "Casas sorprendentes" (2º), "Grecia" (3º), "Francia" (4º), "China" (5º) e "Leonardo da Vinci" (6º), "Instrumentos de refugallo" (música), "Xardín vertical" (aula de PT) e "Maquetas deportivas" (ed. Física). Estes proxectos traballáronse no 2º trimestre e preparouse a súa exposición final durante o 3º trimestre.

En todas as aulas houbo propostas de **exposicións orais** por parte do neno/a encargado/a sobre construcións famosas, marabillas do mundo, inventos, planetas imaxinarios... O tema da construción estivo presente tanto nas sesións de lingua galega como de lingua castelá, tanto na expresión oral como na escrita, como nas lecturas. Por suposto, a busca de información e redacción de ideas principais sobre o contido atopado e a exposición oral final para as familias, son contidos das áreas lingüísticas. As invitacións, carteis, anuncios de radio e de televisión para publicar á visita a Expo Coviña tamén entroncan directamente coas Linguas.

Á área de música tamén estivo presente neste PDI. Cada neno/a de Primaria inventou e construíu un instrumento musical con material de refugallo e tivo que presentalo e xustificalo ante os compañeir@s. Todos estes instrumentos pasaron a formar parte do recuncho musical no patio da escola. Algo similar ocorreu coa realización de maquetas deportivas por equipos na área de educación física. Algunha parte das explicacións finais o día de "Expo Coviña" fixéronse en inglés, e durante o curso houbo diversas actividades de construción (de robots, inventos...) que remataban cunha exposición en inglés por parte dos equipos.

Por tanto, podemos dicir que nesta ocasión tratáronse contidos curriculares de todas as materias.





Contidos curriculares.

Competencias clave desenvolvidas a través do proxecto.

No desenvolvemento do PDI estiveron integradas todas as competencias clave nas diferentes actividades e tarefas que se foron desenrolando. A metodoloxía foi inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. En todo o proceso intentouse que as tarefas e actividades planeadas estiveran relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real (os roles, elaboración de planos, trípticos, carteis, exposicións orais, organización e publicidade de Expo Coviña son un bo exemplo).


- **Comunicación Lingüística (CCL):** fomentouse a mellora da expresión oral a través das exposicións das diferentes salas da exposición, comprensión lectora mediante a busca de información para os proxectos, expresión escrita a través do extracto de ideas principais e síntese da información atopada, e comprensión oral mediante a escoita activa das exposicións orais dos compañeiros/as. Durante o curso tamén se realizaron actividades de expresión oral sobre construcións e marabillas do mundo, escrita creativa partindo da arte, comentarios de arte, expresión escrita a través da elaboración de carteis, trípticos, anuncios de televisión e radio, invitacións para Expo Coviña, etc.



- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** Realizáronse medicións e proporcións para poder levar a cabo as diferentes construcións. Traballo con formas xeométricas en todos os procesos de construción. Fomentáronse procesos de planificación, realización e comunicación de resultados das investigacións realizadas.



- **Competencia dixital (CD):** utilizáronse TICs para a busca de información, seleccionando as fontes fiables para a posterior síntese e aportación aos proxectos. Tamén fomentouse a mellora na utilización das TICs a través da elaboración e posterior publicación de carteis (cunha imaxe corporativa), presentación das exposicións orais, invitacións, trípticos, elaboración de anuncios de radio e vídeo, entradas, etc.





- **Aprender a aprender (CAA):** a aprendizaxe por proxectos estimula esta competencia dende o momento no que se fai reflexionar sobre o que se sabe, o que se quere saber, onde buscamos, como nos organizarnos para atopar as respostas, que aprendemos... Estas preguntas obrigan a coñecer distintas estratexias para afrontar tarefas, estratexias de planificación, estratexias de avaliación do resultado e do proceso levado a cabo... E sobre todo fomenta que o alumno/a se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** O alumnado tivo unha participación de forma activa e construtiva na comunidade educativa e na sociedade. Leváronse a práctica estratexias da aprendizaxe cooperativa e prácticas baseadas no pensamento crítico e creativo. A través do proxecto o alumnado mellorou a capacidade para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** mediante a iniciativa de Expo Coviña o alumnado tivo que deseñar e implementar un plan, mellorando a capacidade de análise, planificación, organización e xestión, tamén a capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas. Durante o proceso fomentouse a iniciativa e interese en todo o alumnado.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** ao ser a construción o tema do proxecto, en todo momento se tratou de mellorar a capacidade do alumnado para apreciar a importancia da expresión a través da arte. Desenvolouse a iniciativa, a imaxinación e a creatividade. O alumnado foi quen de utilizar distintos materiais e técnicas no deseño dos proxectos, valorou a liberdade de expresión e sobre todo, mostrou interese, aprecio, respecto, disfrute e valoración crítica das obras artísticas.



Criterios e estándares de avaliación.

Sendo un proxecto tan amplo, claramente se trataron moitos estándares de aprendizaxe, contidos e criterios de avaliación plasmados no currículo. Nomearemos, a modo de exemplo, aqueles criterios de avaliación máis relevantes, deixando moitos no camiño ao non ser posible plasmarlos todos nesta memoria.

Alguns dos criterios de avaliación traballados: Participar en situación de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula. Producir textos orais breves, imitando modelos e atendendo á forma e a intención comunicativa. Usar, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses. Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación dun modo eficiente e responsable para presentar as súas producións. Amosar respecto polos diferentes tipos de expresión plástica. Usar léxico adecuado para comentar as obras plásticas propias e alleas. Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, etc...



Temporalización

O PDI comezou no mes de outubro e rematou o 13 de xuño coa inauguración de "Expo Coviña". Coma noutras ocasións, o proxecto en si tivo tres fases moi claras:

- No primeiro trimestre houbo unha primeira fase de aproximación e curiosidade cara o tema.
- No segundo de elaboración de investigacións e proxectos nas diferentes aulas.
- E no terceiro trimestre de preparación das exposicións orais, publicidade, etc. para a exposición final.

Pero dado o seu carácter interdisciplinar, en realidade construímos durante todo o curso e a construción estivo presente nas expresións orais, nas titorías, nas linguas, en todos os proxectos (foran de construción ou non), e fundamentalmente nos contextos educativos de aprendizaxes introducidos en toda Primaria durante este curso escolar.

Alumnado e profesorado participante.

Este proxecto puido levarse a cabo grazas a implicación de todo o profesorado (18 Mes-tres/as) e todo o alumnado (160 entre Infantil e Primaria). Os titores/as mediante o desenvolvemento de proxectos nas súas aulas, colaboración en todas as actividades, preparación das sala da Expo, os mestres/as especialistas tamén realizaron proxectos co alumnado.

O alumnado estivo moi involucrado e motivado durante o desenvolvemento durante todo o curso do proxecto.

Organización para a súa realización.

O equipo de Biblioteca propuxo o tema nas liñas prioritarias de actuación presentadas para o PLAMBE a finais do curso pasado. Unha vez aprobado polo Claustro foi o equipo quen coordinou, temporalizou e organizou as diferentes tarefas levadas a cabo durante o presente curso escolar, xa planificadas en setembro no Plan Anual Lector e na PXA. As tarefas máis complicadas de organizar (Día do Libro, Expo final...) sempre ían acompañadas dun dossier para o profesorado e/ou alumnado.

O equipo de EDNL aportou a súa colaboración na elaboración do almanaque coa temática da biblioteca. O Equipo de Dinamización das TICs colaborou na divulgación fundamentalmente a través do facebook do colexio de todas as actividades levadas a cabo. O Equipo de Actividades Extraescolares colaborou na organización da visita aos inventos de Leonardo da Vinci, o taller de arquitectura sistema Lupo, o concurso de kapla, o taller de reconstrución do barco e adquisición do material para a construción de cúpulas. Tamén na organización das celebracións relacionadas como o desfile de Entroido e construción do maio. As familias tamén colaboraron coa aportación de fotos e construcións. Tamén coa súa masiva participación na inauguración no museo (acudindo 222 persoas).



2.- Obxecto ou temática de investigación propostos.

O PDI "Construímos con Coviña" propónse dende o Equipo de biblioteca para que nas aulas de levaran a cabo proxectos de investigación sobre construcións, construtores/as, marabillas do mundo... A maiores dos proxectos das diferentes aulas o centro propón un gran paso metodolóxico (ou filosófico) a nivel de escola : que cada persoa sexa a construtora da súa propia aprendizaxe. Por tanto, o enfoque de "**aprender construíndo**" estivo presente en moitos máis ámbitos que nos proxectos específicos de construción desenvolvidos en cada aula e presentados en Expo Coviña.

O produto final de converter a escola en Expo Coviña enriqueceu o proceso e fixo que a estes proxectos de investigación se lle uniran moitas tarefas de corte competencial sempre realizadas polo alumnado.

3.- Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.

O tema foi escollido en xuño de 2017 polo Claustro previa proposta de biblioteca.

En outubro e coincidindo coa apertura da biblioteca, a mascota Coviña deixa unha **caixa sorpresa** en cada clase cunha carta de motivación cara o tema da construción, cun libro de consulta sobre o tema, varios títulos posibles para o PDI (que foron votados por clase), unha proposta de colaboración do alumnado titulada "Construíndo ideas" (panel aberto onde o alumnado escribiu ideas para o proxecto e para mellorar a escola) e outra proposta de colaboración das familias coa iniciativa do "**Construímos castelos de area**".

Unha vez xerada a curiosidade cara o tema en cada clase foise avanzando con diferentes **proxectos de investigación** onde a construción estivera presente: Proxecto espacial, construímos as casiñas dos paxaros, as mazás e a sidra, o corazón de Meaño, os inventos de Leonardo da Vinci, construíndo intelixencias múltiples, "Animalandia", a paisaxe, os alimentos ... (a maiores dos que acabaron formando parte do museo).

En Primaria propóñense diferentes temas relacionados coa construción para as **exposicións orais diarias** (por parte d@ encargad@): a onde che gustaría viaxar, cal é a túa construción preferida, imaxina que es un arquitecto e explica a construción que te fixo famoso e a época na que viviches... Exposicións nas que sempre se elaboraba un guión previo. Tamén se realizan tarefas de diferente índole de expresión escrita, de plástica, de matemáticas... relacionadas coa construción. No Nadal realizouse un **calendario** que tamén xirou en torno á construción facendo foto-montaxes sobre construcións famosas nos diferentes cursos.





Dende outubro ata maio o equipo de biblioteca organiza a proposta da **"Construción do mes"**. Cada titoría escolle unha construción para decorar a súa porta ou corredor e unha vez rematada todo o alumnado plasma unha sensación (por exemplo: Que sentes ao ver a Torre Eiffel?, A que cheira o Coliseo romano?...)

En Xaneiro realizouse unha visita de toda Primaria á exposición sobre **Leonardo da Vinci** que tivo lugar en Vigo. Realizáronse miniproxectos nas clases sobre os inventos de Leonardo.

O **Día da Paz** formáronse "parellas da paz" mesturando cursos para facer **grúas de papiroflexia** para Sadako. Entre tod@s (incluíndo ás familias) construímos 758 grúas. Xuntámolas no acto da paz e posteriormente os nen@s as uniron para colgalas do teito da biblioteca.

En febreiro comezou a **Olimpiada do Saber** partindo novamente da biblioteca. As preguntas, todas de corte competencial e nas que se fomentaba a investigación, xiraron todas en torno ao mundo da construción. Houbo unha gran participación por parte do alumnado.

O disface de **entroido** de cada clase tivo relación co proxecto escollido para o PDI. Moitos deles volvéronse utilizar na inauguración de Expo Coviña. Os disfraces foron elaborados na escola, aproveitando a ocasión para medir, deseñar, crear...

Despois da celebración do Entroido, durante un mes **adaptouse o horario do colexio** e na franxa horaria destinada normalmente para contextos educativos de aprendizaxe (hora e media diaria) dedicouse en cada titoría para a **elaboración do proxecto específico do PDI**.

O **Día do Libro** todo o alumnado e profesorado forma unha gran porta construída con libros. Durante a hora de ler cada "parella da paz" pasa por debaixo da porta manifestando o motivo polo que lle gusta ler, o xénero literario preferido ou como se sente cando le.

A celebración do Día do Libro impulsa a preparación do **produto final, "Expo Coviña"**. Cada curso escolle **tarefas a realizar para poder levar á realidade esta iniciativa**. Propostas como anuncios publicitarios de radio, de vídeo, carteis, invitacións ás familias, a elaboración da propia taquilla, entradas, carteis solicitando silencio e mostrando diferentes normas, trípticos informativos das salas da exposición, o gran cartel de entrada á exposición, reparto de roles en 6º (director da expo, guías, ...), etc. Todo queda repartido entre todas as aulas da escola, non significando unha carga excesiva para ninguén e conseguindo enriquecer o proceso con tarefas de corte competencial e cunha intención moi definida.





Durante o 3º trimestre preparáronse as exposicións orais sobre os proxectos de investigación específicos realizados nas aulas e nas especialidades. A distribución das salas de exposición quedou da seguinte maneira:

Pirámides de Exipto (3 anos)	Camiño de Santiago (4 anos)	India e Taj Mahal (5 anos)
Torre de Pisa (1º)	Casas sorprendentes (2º)	Grecia (3º)
Francia (4º)	China (5º)	Xardín vertical (talleres de PT)
Construción de Instrumentos (música)	Maquetas deportivas (educación física)	

Outras propostas relacionadas co PDI e que colleron peso durante o curso foron:

Construímos o patio escolar: proposta que tamén implicou formación do profesorado (e que continuará durante o vindeiro curso) e unha comisión de familias para a re-construción do patio. O alumnado contribuíu aportando ideas e asistindo a unha sesión con Carme e Pitu (Mestres cataláns especializados no tema). Comezamos este curso este grande proxecto que será a longo prazo.



Concurso de kapla na biblioteca: no 3º trimestre convocouse un concurso de kapla onde equipos de 6 nen@s (de polo menos 3 cursos de Primaria diferentes) tiñan que realizar unha construción con táboas pequenas de madeira. Sacouse unha foto de cada construción e o día de Expo Coviña as familias votaron a construción que máis lles gustou.



Re-construción do barco "Mar de libros": O primeiro día do curso o alumnado atopouse cun barco vello no medio do patio. Foi tarefa deles deseñar, buscar nome, pintar, facer a vela, buscar frases... Un avó carpinteiro encargouse da reforma. O profesorado coordinou un Obradoiro de grafiti a cargo de "Vella escola" e organizou a botadura do barco facéndoa coincidir coa celebración das Letras Galegas.



Obradoiro de arquitectura Sistema Lupo: O alumnado do 3º ciclo asistiu a un Obradoiro guiado de arquitectura e o Centro adquiriu o material educativo ofrecido para a súa posterior utilización na biblioteca. Este sistema enfoca o traballo da xeometría na manipulación e a construción, tendo como prioridade os plantexamentos matemáticos da arquitectura.

Estruturas xeocéntricas de Leonardo da Vinci (entre outros autores): cun punto de vista similar ao anterior o colexio adquiriu o material necesario (a través da Fundación Rosalía) para que o alumnado poidera construír cúpulas.





O 12 de xuño realizouse un **ensaio xeral** de Expo Coviña onde o alumnado puido ensaiar a súa parte e asistir (por quendas) ás exposicións dos proxectos de toda a escola.

O **13 de xuño** foi a visita das familias a "**Expo Coviña**". Entregáronse entradas por cores en grupos de 55 persoas. Tres guías de 6º levaban a través dunha ruta pola exposición a ese grupo. Finalmente viñeron 222 persoas que se organizaron rapidamente en 4 grupos en total guiados polos nenos e nenas de 6º a través das diferentes rutas. Nas aulas as exposicións eran de entre 5 e 8 minutos. As exposicións orais dos diferentes proxectos foron extraordinarias e a motivación do alumnado indescribible. A organización segundo o previsto e despois de hora e media de recorrido todas as familias puideron rematar a súa visita na cafetería da expo. O alumnado sentiuse moi satisfeito pola recompensa que recibiran despois de tanto esforzo invertido.

Unha vez rematado o PDI realizouse unha **enquisa** en Google na que participaron familias e Claustro de profesorado. Nas aulas tamén se realizou unha avaliación do proceso e resultado final por parte do alumnado de Primaria.



**PULSAR AQUÍ PARA VER O
VÍDEO RESÚMO DO DÍA DE
EXPO COVIÑA**





4.- Documentación elaborada para o alumnado e profesorado.

Durante o curso o equipo de biblioteca foi aportando diferentes documentos para facilitar a posta en marcha e organización do proxecto tanto ao profesorado como ao alumnado.



Para o profesorado:

- Plan anual de Lectura indicando as diferentes fases e temporalización do proxecto, así como tarefas concretas a realizar ao longo do curso en relación co proxecto.
- Cartas e notas da mascota Coviña ás familias e ao alumnado solicitando diferentes colaboracións.
- Calendario de actividades.
- Dossier de organización do Día da Paz para a construción de grúas de origami.
- Dossier de organización do Día do Libro a través da construción da porta de libros.
- Dossier de organización das tarefas a realizar para a publicidade e posta en marcha do produto final de Expo Coviña.
- Dossier de organización do día de ensaio xeral e da visita a Expo Coviña.



SALAS:

3 anos: PIRÁMIDES DE EXIPTO
4 anos: O CAMIÑO DE SANTIAGO
5 anos: COÑECEMOS A INDIA
1º: "ADIVIÑA..."
2º: CASAS SORPRENDENTES
3º: GRECIA
4º: FRANCIA
5º: CHINA
MÚSICA: MUROS MUSICAIS
ED. FÍSICA: MAQUETAS DEPORTIVAS
RELIXIÓN: VIDRIERAS
PT: XARDÍN VERTICAL



EXPO COVIÑA: Horarios de visitas por sala

Sala	Expo 1	Expo 2	Expo 3	Expo 4
PIRÁMIDES DE EXIPTO	10:47	11:03	11:24	11:45
CAMIÑO DE SANTIAGO	10:40	10:56	11:17	11:42
INDIA	10:33	10:49	11:10	11:35
TORRE DE PISA	10:22	10:38	10:49	11:14
CASAS SORPRENDENTES	10:15	10:27	10:40	11:05
GRECIA	10:29	10:52	11:24	11:38
FRANCIA	10:17	10:41	11:13	11:45
CHINA	10:08	10:30	11:04	11:21
LEONARDO DA VINCI	10:30	10:53	11:10	11:30
MAQUETAS DEPORTIVAS	10:25	10:48	11:21	11:35
XARDÍN VERTICAL	10:18	11:01	11:27	11:39
INSTRUMENTOS	10:11	11:05	11:30	11:39

Para o alumnado

- Caixa de Coviña con cartas e libros de construción.
- Guións para as exposicións orais sobre construcións.
- Carteis, preguntas da Olimpíada do Saber sobre construción.
- Notas e carteis anunciando as diferentes actividades.
- Rutas de Expo Coviña e organización das mesmas para os guías de 6º.

5.- Tarefas máis importantes realizadas polo alumnado.

Podemos dicir que nos sentimos orgullosos de que os auténticos protagonistas no proceso deste PDI foran os nosos alumnos e alumnas. Realizaron:

- Proxectos de investigación específicos. Estes proxectos implicaron busca e selección de recursos e información, organización do traballo, elaboración de textos e extracción da información máis importante, traballo cooperativo, autoavaliación, etc.
- Reprodución de construcións e acondicionamentos das salas.
- Preparación de exposicións orais en cada clase axustándose ao tempo.
- Reparto de roles asumindo os mesmos: persoal de taquilla, director da expo, guías...
- Acordo e votación para escoller o nome do PDI (todo o colexio).
- Deseño e realización dun cartel publicitario do museo coidando a imaxe corporativa (4º).



- Elaboración de cuñas publicitarias de radio (6 diferentes) para reproducir pola megafonía do colexio nas entradas e saídas e en facebook. Redacción dun texto breve, busca da música e gravación das voces (2º). (Pulsar enriba para escoitar)



- Deseño e elaboración dunha invitación ás familias a través do programa Publisher coidando a imaxe corporativa (1º)
- Elaboración do cartel xigante co nome do museo (Infantil).
- Guión, deseño e elaboración de dous vídeos promocionais da Expo (2º e 5º)
- Redacción e elaboración do tríptico do museo en Publisher (6º).
- Carteis do museo: Silencio, non comer, podemos sacar fotos... (Infantil)
- Elaboración das entradas numeradas por cores (2º), taquilla (todo o colexio), carteis por cores dos guías, sobremesas para a cafetería (6º).
- Participación na elaboración dos disfraces, calendario, "Construción do Mes", construción de patios, construción de ideas, barco "Mar de libros", concurso de kapla, Obradoiro de Lupo...



6.- Recursos e fontes utilizadas.

Na entrada da biblioteca estiveron expostos durante todo o curso libros de consulta e narrativa sobre construción. Houbo unha inversión importante do presuposto de biblioteca para este fin. Podemos dicir que nesta ocasión utilizáronse indistintamente os libros, ordenadores e tablets para a busca de información.



7.- Implicación da comunidade educativa.

O PDI puido levarse a cabo fundamentalmente polo apoio de todo o Claustro ás diferentes propostas do equipo de Biblioteca. A implicación do profesorado, por tanto, foi do 100%. O alumnado implicouse totalmente no desenvolvemento de todas as tarefas. O grao de motivación e implicación foi moi alto. As familias implicáronse na participación da construción de castelos de area, na colaboración da realización das maquetas deportivas e instrumentos inventados, acudindo como espectadores no entroido e na visita ao Museo (222 persoas en horario de mañá) e valorando o PDI a través da enquisa.

8.- Difusión entre a comunidade educativa.

O medio de difusión principal foi o facebook do colexio CEIP As Covas Meaño. O número de reproducións dos vídeos de publicidade e do resume do día de Expo Coviña chegou a 3566 visitas. Tamén acudiu a prensa (Faro de Vigo e La Voz de Galicia) o día de Expo Coviña e publicaron unha xenerosa reportaxe.



9.- Avaliación. Procedementos empregados.

Como procedementos de avaliación empregáronse fundamentalmente as reunións periódicas do profesorado (semanais, mensuais e trimestrais), reflexionando sobre o grao de adquisición dos obxectivos marcados (tanto a nivel organizativo, como pedagóxico, como social). Houbo unha revisión constante do proxecto, sendo modificado nalgún caso o calendario inicial así como engadindo e adaptando ás tarefas a desenvolver. O obxectivo máis revisado é que fóra unha realidade o traballo por proxectos nas aulas e que houbera unha posta en común final.

O alumnado de educación Primaria avaliou a si mesmo a través de diferentes rúbricas elaboradas polo profesorado en función do proxecto levado á cabo. Tamén houbo unha autoavaliación constante á través das asembleas e reflexións individuais. O profesorado tamén avaliou o traballo do alumnado nas aulas mediante diferentes instrumentos.

As familias avaliaron o desenvolvemento do proxecto a través da enquisa final do PDI.


O grao de participación das familias, alumnado e profesorado tamén debe ter sido en conta para unha avaliación máis que positiva desta proposta da biblioteca. Anima a continuar nesta liña, tendo xa o tema previsto para o curso que vén ("Puro teatro").

Como proposta de mellora propoñemos darlle máis divulgación entre as familias e alumnado ás competencias clave e estándares de aprendizaxe traballados, mostrar máis o proceso de todo o traballado no curso, introducir nos PDI propostas que teñan unha repercusión social e das que se beneficie a sociedade.

10.- Función e participación da biblioteca escolar.

A Biblioteca Escolar foi o motor do PDI realizando tarefas como:

- Coordinar e organizar o desenvolvemento do proxecto. Realizou reunións periódicas co equipo de biblioteca, o ENDL, o equipo de TICs e o equipo de actividades extraescolares. Tamén programou reunións informativas con todo o Claustro para ir avanzando nas tarefas a realizar e avaliando o proceso.
- Buscar, seleccionar, mercar e expoñer bibliografía de consulta referente á construción.
- Organizar os diferentes días de celebración en coordinación cos demais equipos: Calendario, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, visita á exposicións, Expo Coviña...
- Elaborar e promover diferentes tarefas relacionadas co proxecto: Olimpíada do Saber, caixas sorpresa de Coviña, concurso de kapla, Obradoiro de Lupo...
- Organización, proposta e reparto de tarefas para o produto final de Expo Coviña.
- Avaliación do proceso.
- Difusión, coa colaboración do equipo de TICs, no facebook da escola.



En Meaño, a 9 de xullo de 2018

Paulo Nogueira Porto

Director do CEIP Plurilingüe de Meaño As Covas